

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
DOUS DE XUÑO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día dous de xuño de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de maio do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.-Instancia num. 835/09 de don Adrián López Sobredo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio do tellado por tella e uralita, nunha superficie aproximada de 68 m², situada en Caxaraville, en solo de núcleo rural (N2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas



de seguridade e saúde das obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento once euros con setenta e oito céntimos (#111,78#)

2.2.- Instancia num. 793/09 de don Manuel Eiris Lobato

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a construción cun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 240 mts de lonxitude, no lugar de Outeiro -Vilanova, en solo rústico de especial protección forestal (R-3) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial local en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas e, e en caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado en cor que harmonice co entorno. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 mts


Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e nove euros con trinta e tres céntimos (#149,33#).

2.3.- Instancia num. 2.142/08 de don José A. Ramos Fuentes

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Laraño- San Xián de Sales, en solo de núcleo rural (N1) segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro cun orzamento de 88.687,54 euros; num. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente de 0,40 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, excluída a piscina a que fai referencia o plano A 03 para o que debe achegar proxecto, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; a cor a utilizar nas fachadas será branco ou en tonos suaves de acordo co entorno rural e a pedra será da zona; a cor da carpintería de aluminio a utilizar nas fiestras na súa cara exterior axustarase á tipoloxía e tono da zona; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; asimesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os



datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras e número de plantas autorizadas e número de expediente

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil setecentos setenta e tres euros con setenta e cinco céntimos (#1.773,75#).

2.4.- Instancia num. 886/09 de don Carlos Ferreiro Caneda

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 180 mts de lonxitude, no lugar de Fontao, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal e 5,00 mts do outro; garantirase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento setenta e dous euros (#172,00#)

2.5.- Instancia num. 874/09 de don Jesús Cabo Cutrín

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vilanova, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 20 mts de lonxitude, no lugar de Sobredo-Vilanova, en solo de núcleo rural (N1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal e sempre deixando libre a zona de dominio público; garantirase o natural discorrer das augas, e en caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimoss (#18,03#)

2.6.- Instancia num. 886/09 da Asociación Cultural, Recreativa e Festiva O Patio

Dáse conta da citada instancia na que don Javier Carrillo Tejo, en representación da Asociación Cultural, Recreativa e Festiva O Patio, solicita licenza para a construción de valado de madeira (postes) de aproximadamente 80 mts de lonxitude, no lugar de Ortigueira, a emprazar en solo urbano dentro do sistema xeral zona verde (SX-ZV-2), así como a exención das taxas e impostos municipais correspondentes.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: o PXOM non marca aliñacións pero establece unha distancia non vinculante para o deseño do solo urbanizable co que linda de 6,00 mts respecto do eixe e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts

Así mesmo acorda concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes ó tratarse dunha obra comunitaria de interese social

Neste momento retírase da sesión don Eloy J. Iglesias López

2.7.- Instancia num. 906/09 de dona Lidia Ares Betetos

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, consistente no cambio do tellado, por uralita e tella, de aproximadamente 106 m2, situado en San Pedro, en solo urbano de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornia como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde das obras de construción, debrá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta euros con setenta e un céntimos (#140,71#)

Incorpórase de novo o Sr. Iglesias López

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación num. 2 e final da obra *Abastecemento en Merín*



Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra *Abastecemento en Merín*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e adxudicada á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L con data 04/03/2009, por importe de dezasete mil setecentos vinte e un euros con noventa e un céntimos (#17.721,91#), sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

3.2.- Certificación num. 1 e final da obra *Saneamento Reboredo-Ponte Ulla*

Dáse conta da certificación num. 1 e final da obra *Saneamento Reboredo - Ponte Ulla*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e adxudicada á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L con data 04/03/2009, por importe de dezasete mil cincocentos vinte e seis euros con corenta e un céntimos (#17.526,41#), sendo o director da mesma o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

3.3.- Certificación num. 2 da obra *Edificación Multiusos en el campo de la fiesta de Trobe*

Dás conta da certificación num. 2 da obra *Edificación multiusos en el campo de la fiesta de Trobe*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e adxudicada definitivamente á empresa Construmovil Gallega, S.L con data 02/04/2009, por importe de cincuenta e cinco mil trescentos sesenta e nove euros con vinte e dous céntimos (#55.369,22#), sendo a directora da mesma a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do proxecto mellora da eficiencia enerxética de Xián

Dáse conta da axuda concedida pola Consellería de Innovación e Industria, ó abeiro da resolución do 6/06/2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva de subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxías renovables en Galicia, para o proxecto *Mellora da eficiencia enerxética de Xián*, por importe de vinte e un mil setecentos setenta e oito euros con oitenta e catro céntimos (#21.778,84#), ascendendo o orzamento total do proxecto á cantidade de cincuenta e catro mil setecentos noventa e nove euros con vinte e tres céntimos (#54.799,23#), IVE incluído

A Xunta de Goberno ó abeiro do disposto no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP) acorda adxudicar o citado proxecto a Electricidad Cruceiro, S.L, como contrato menor, no prezo do corenta e sete mil douscentos corenta euros con setenta e dous céntimos (#47.240,72#) máis IVE

5º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía relativo á participación no PAC-2



Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de maio do ano que andamos, que di o seguinte:

“Á vista das bases reguladoras do *plan provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó financiamento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)*, publicadas no BOP num. 74/09, do 1 de abril

En función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente

RESOLVÍN:

1º) Participar no “*Plan provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)*” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Financiamento de novas actuacións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL ⁶	ACHEGA PROVINCIAL ⁶
<i>Colocación de contenedores de basura</i>	53.864,27	0,41	53.863,86
<i>Instalación de tabiquería móvil en el Museo Modesto Paz Camps</i>	30.000		30.000
T O T A L	83.864,27	0,41	83.863,86

Aprobar as correspondentes memorias técnicas

3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º) Para o financiamento da achega municipal existe crédito dabondo no orzamento municipal.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento .


6º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada resolución

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de maio do ano que andamos, pola que se acorda dar de alta no padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiéne pública para o exercicio 2009 a don José Ramón Lemos Mosquera

A Xunta de Goberno dáse por enterada



6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de maio do ano que andamos, pola que por mor do incremento de usuarios do servizo de axuda no fogar así como o inicio do periodo de vacacións anuais, ordénase a conversión dos contratos de dona Cristina Orosa Canicoba e dona Josefina López Craballo a contratos de xornada completa dende o 01/06/2009

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7º.- Outros asuntos

7.1.- Aprobación prezo acometida á rede municipal de saneamento

En función da estimación do orzamento realizado polos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno acorda aprobar un prezo de acometida á rede municipal de saneamento por importe de seiscentos (#600,00#) euros

7.2.- Solicitudes de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

7.2.a.- Escrito num. 883/09 de dona Camen Novoa Rey

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 64% segundo o certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

7. 2.b.- Escrito num. 912/09 de dona Consuelo Barros Sada

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 95% segundo o certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

7.3.- Donación feita por don Manuel Espiño Araujo

Dáse conta da donación feita por Don Manuel Espiño Araujo para o arquivo Municipal, segundo se detalla:

A.- Memoria regulamento e lista de socios da sociedade de agricultores de Vedra. Ano de 1911.

B.- Documentos da casa que foi sindicato católico de Vedra onde se atopan instaladas as oficinas do xulgado deste municipio. Ano de 1956



C.-Documentos relacionados coa colocación dunha placa de bronce con “los nombres de los primeros fundadores de la primera comisión directiva del la sociedad Residentes del Municipio de Vedra en Buenos Aires” . Ano 1971.

D.-Follas soltas de diversos números da revista “Unión de Teo y Vedra

A Xunta de Goberno, acepta a dita donación ó tempo que quere facer público o seu agradecemento tanto polo valor patrimonial como histórico da documentación entregada.

7.4.- Acordo, se procede, sobre designación de membros da Mesa de Contratación

A Xunta de Goberno , ó abeiro do disposto no artigo 21 do Real Decreto 817/2008, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), acorda designar con carácter permanente, nos procedementos de adxudicación abertos, restrinxidos e negociado con publicidade, ós seguintes membros para formar parte da Mesa de Contratación:

Presidente Titular: D. Odón C. Cobas García

Suplente de Presidente: D^a. Lucía González Louro

Vocais titulares: D^a. Lucía González Louro; D. Carlos Martínez Carrillo; D. Carlos J. Méndez -Losada Abalo e D. Carlos Sanmartín Carrera

Vocais suplentes: D^a. Ana Belén Picón Cotos; D. José Alvela Edreira; D^a. Mercedes Pereiras Caldelas e D^a. María Canedo de la Torre

Secretario titular: D^a. Mercedes Pereiras Caldelas

Secretario-suplente: D^a. María Canedo de la Torre

Conclúe ó fio das vinte e duas horas e vinte e cinco minutos

